



BONIFICACIÓNS I.B.I.

PARA CONSTRUCCIÓNS NAS QUE SE DESENVOLVAN ACTIVIDADES AGRARIAS, GANDEIRAS OU FORESTAIS

O pasado 27 de xullo saíu publicado no B.O.P. a aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal núm 2 (I.B.I.).

Segundo consta no artigo 14º.4 gozarán dunha bonificación segundo tramos definidos, aquelas construcións nas que se desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

Para poder gozar destas bonificacións, os interesados deberá presentar, **antes do 20 de novembro** a seguinte documentación:

-Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.

-Se o suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles non fora titular da explotación, deberá aportar, ademáis, contrato de arrendamento ou outro documento semellante que acredite a relación entre o suxeito pasivo e o titular da explotación e a afectación do inmovible a explotación agrícola, gandeira ou forestal, podendo utilizarse calquera medio de proba.

-Acreditación da titularidade catastral do inmovible, mediante certificación catastral emitida no Punto de Información Catastral.

-Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.

-Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

Santa Comba, a 10 de outubro de 2018

A Alcaldesa,

Asdo. María Josefa Pose Rodríguez.

